

ABDICACIÓN DE **AMADEO I**
DE SABOIA

A ASEMBLEA NACIONAL PROCLAMA A REPÚBLICA O 11 DE FEBREIRO
DE 1873

A PRIMEIRA REPÚBLICA (1873-74)

- A Asemblea Nacional Republicana asumiu todos os poderes e nomeou como presidente do poder executivo a **Estanislao Figueras**, que exerceu como xefe do Estado e xefe do Goberno.
- Xorden diferenzas entre os republicanos sobre a organización política da República:
 - República unitaria
 - República federal, tamén con diferenzas:
 - Federais **gradualistas**, dirixidos por **Pi i Margall**: federación desde arriba: as Cortes constituíntes da nación española decidirían e organizarían o reparto de poderes entre o Estado federal e os Estados que formasen a federación
 - Federais intransixentes ou **cantonalistas**. Federación desde abaixo, mediante a proclamación da soberanía das unidades políticas inferiores, Estados ou Cantóns, para constituír entre iguais, e libremente, a federación española
- As tensións existentes entre republicanos produciron unha gran **inestabilidade**
- A nova Asemblea Constituínte:
 - proclamou a **República Federal** e nomeou a **Francisco Pi i Margall** como presidente do poder executivo (11 de xuño)
 - Elaborou un **proxecto de Constitución federal (1873)**:
 - España federación formada por 17 estados federados, incluídos Cuba e Puerto Rico
 - Presidente da República. Xefe do Estado, elixido por sufraxio universal: nomea ao presidente do Goberno e os seus ministros, posúe o poder de relación entre os poderes
 - Poder lexislativo: Asemblea Nacional Republicana, composta por dúas cámaras:
 - Congreso: elixido por sufraxio universal directo de todos os españois maiores de 21 anos
 - Senado: representante dos Estados federados
 - Autonomía municipal
 - Separación da Igrexa e o Estado
- Os republicanos cantonalistas comezaron a proclamar a independencia de cantóns, sen agardar a que a Asemblea Nacional promulgase a Constitución. Esténdese o movemento cantonalista: proclamación de Cartaxena como cantón. Ao introducir reformas sociais foron apoiados polos internacionalistas da AIT.
- Fracasou o proxecto federal desde arriba. Disgregación do poder. Dimisión de Pi i Margall.
- Novo Presidente: **Nicolás Salmerón**. Apoiouse nos militares (Martínez Campos e Pavía) para sofocar a guerra carlista e o movemento cantonalista de Andalucía e Levante. Dimitiu antes de asinar penas de morte
- Novo Presidente: **Emilio Castelar**, que conseguiu poderes extraordinarios da Asemblea para facer fronte ás guerras carlista, cubana e cantonalista, gobernando por **decreto**, tomando medidas drásticas. Apoiouse no militares máis conservadores
- Descontentos os federais, celébrase unha sesión do Congreso para escoller a un novo presidente, mentres se celebraba a sesión, entrou o xeneral Pavía e dissolveu a Asemblea Nacional (3 de xaneiro de 1874)
- O **xeneral Serrano** asume o poder executivo, **suspende as garantías constitucionais**

- Axitación social e política
- Folgas e protestas dos traballadores, estimuladas pola Federación Rexional Española da Asociación Internacional de Traballadores (**Revolta de Alcoi**, do 8 de xullo de 1873, que causou medo entre a burguesía)
- Apoio da AIT aos cantonalistas posto que vían nestes o camiño cara á realización da revolución social

A inestabilidade favorece os intentos de Cánovas del Castillo de restaurar a monarquía na persoa de Alfonso de Borbón (**Manifesto de Sandhurst**)
O 29 de decembro de 1874, o xeneral Martínez Campos pronunciouse a favor de Alfonso XII, **remataba así a República**